Reparto de puntos

Empate a un tanto entre a ADR Numancia de Ares e o Narón Balompé Piñeiros en encontro da primeira autonómica xuvenil disputado no serán do sábado en Prados Vellos. O encontro correspondente a cuarta xornada chegou ó descanso con vantaxe local de un a cero.

Prados Vellos, Ares a 13 de decembro de 2014.

Aliñacións:

ADR Numancia de Ares: Roberto, Emi, Darío (David), Óscar, Nico, Iván (C) (Rolo), Miguelito (Fran), Carlos (Miguel), Ángel, Martín e Marcelo.

Adestrador: Alejandro González Domínguez

Delegado: José Antonio Couce Iglesias

Narón Balompé Piñeiros: Sergio, Alberto Anidos (Barreiro), Arturo (Dani), Gabriel (Richi), Nebril, Alberto Bellón, Yeray, Pablo (Diego), Pájaro, Joan e Marbin.

Adestrador: Joaquín Díaz Fernández

Delegado: Álvaro Dopico Martínez

Árbitro: D. Adrián González Franco amosou cartóns amarelos a Pablo, Pájaro e Dani do Narón.

Goles: Miguelito para o Numancia e Marbin para o Narón

1-0 [1’] **Miguelito**: Pase dende a banda dereita de Ángel a Carlos quen cede ó borde da área a Miguelito, este eleva o balón por riba do meta visitante inaugurando o marcador cando só iban 35 segundos de xogo.

1-1 [71’] **Marbin**: Xogada pola esquerda do ataque naronés chegada ata liña de fondo e tras unha indecisión defensiva Marbin anota o empate.

Encontro na cume da clasificación coa visita do Narón terceiro clasificado fronte ó Numancia que partía líder nesta cuarta xornada.

[redacted]

Resultados e clasificacións da xornada neste enlace